

A **Política Ambiental** dos SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) INCLUÍDOS NO ALCANCE DO SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL (SXA) concrétase en facer posible o compromiso asumido na súa misión como servizos da UVIGO, dinamizando as súas tarefas e actividades entre a comunidade universitaria e o público en xeral, dentro dun marco sustentable.

Os servizos implicados neste sistema propóñense participar activamente no desenvolvemento sustentable da sociedade, adquirindo o compromiso de coidar, atender e mellorar continuamente o efecto que as actividades dos servizos exercen sobre o medio ambiente en base ós seguintes compromisos:

- Cumprimento da lexislación e regulamentación que sexa aplicable ás súas actividades e áreas, así como outros requisitos ós que voluntariamente decidan adherirse.
- Dispoñer dos medios e da formación e información necesaria para poder actuar de acordo con esta *política*, adecuándose o equipo humano constantemente ás novas tecnoloxías, mediante a formación continua, fomentando o respecto ambiental entre os subministradores e contratistas.
- Mante-lo máximo nivel de eficacia, para o que necesitan sistematiza-las actividades dos servizos implicados. Os *procedementos e instrucións técnicas* do SXA documentan estas actividades, evitando improvisacións e reducindo o impacto dos *aspectos ambientais*.
- Prevención, redución ou eliminación dos diversos tipos de contaminación ambiental no marco dunha mellora continua do comportamento ambiental e en función das súas posibilidades reais. Asemade, potenciarán a utilización sustentable dos recursos naturais, reducindo, no posible, o uso de materias primas.
- Avalia-lo impacto dos aspectos ambientais xerados co obxecto de previlos, eliminalos ou minimalos.
- Establecer canles de comunicación, tanto internas como externas, que permitan dar resposta ás demandas de información relativas á xestión ambiental dos servizos implicados, de tódalas partes interesadas.

Para o cumprimento dos compromisos establecidos dentro desta *política ambiental*, os SERVIZOS DA UVIGO INCLUÍDOS NO ALCANCE DO SXA establecerán e revisarán anualmente obxectivos específicos de actuación e aplicarán os principios e prácticas ambientais de acordo co establecido dentro da norma **UNE-EN ISO 14001** de SXA.

É vontade dos servizos implicados neste *sistema* comunicar esta *política* a tódolos empregados, así como ó público en xeral, manténdoa a disposición de todos eles e colaborando coa Administración e con institucións sociais na sensibilización e concienciación para a protección e mellora ambiental.



En Vigo, a 01 de marzo de 2011